

INSTRUCCIÓN ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2025/2026

1.- CASOS

1. **Alumnado que estivo matriculado, e aprobou algún módulo, nun ciclo do réxime ordinario do plan vello e quere cambiar a réxime modular do mesmo ciclo.**

O alumnado en esta situación pode elixir seguir os seus estudos polo plan vello ou pasar o plan novo cursando tódolos módulos que sexan diferentes no plan novo agás IPE I que poderá validar con FOL e IPE II que poderá validar con Empresa e Iniciativa Emprendedora de ser o caso.

2. **Alumnado que estivo matriculado, e aprobou algún módulo, nun ciclo de réxime modular do plan vello e quere cambiar ó mesmo ciclo do réxime ordinario.**

O alumnado en esta situación pode elixir seguir os seus estudos polo plan vello ou pasar o plan novo cursando tódolos módulos que sexan diferentes no plan novo agás IPE I que poderá validar con FOL e IPE II que poderá validar con Empresa e Iniciativa Emprendedora de ser o caso.

3. **Alumnado que quere facer o 2º curso de outro ciclo que ten común o 1º curso con un ciclo do plan vello xa rematado previamente ou tras facer o 1º curso.**

O alumnado en esta situación debe solicitar praza no 2º curso do plan novo e cursar, sen dereito a docencia, os módulos do 1º curso do plan novo que sexan diferentes agás IPE I

4. **Alumnado que tras facer o 1º curso do plan novo de un ciclo, quere facer o 2º curso de un ciclo diferente que teñen en común o 1º curso.**

O alumnado en esta situación solicita praza no 2º curso do plan novo do ciclo en cuestión.

5. **Alumnado procedente de un 1º curso do plan novo de outro centro que se quere incorporar a un 2º curso**

O alumnado en esta situación solicita praza no 2º curso do plan novo no noso centro.

6. **Alumnado que repite por 2ª vez un curso**

O alumnado en esta situación pode continuar polo plan vello pero non ten garantida a praza e debe solicitar praza na oficina do centro.

2.- PROCESO DE ADMISIÓN

Realízase de xeito presencial na oficina do centro

PRAZO

Do luns 16 de xuño ás 9:00 horas ao mércores 2 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Identificarse cun DOI (DNI, NIE, pasaporte,...)
2. Entregar a seguinte documentación:
 - Dúas copias da solicitude (Anexo I) cumprimentada preferiblemente por ordenador e **asinada**. O Anexo I está dispoñible en:
http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8211
 - Certificación académica coas cualificacións de 1º curso **onde se especifique que se promociona a 2º curso**

LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES

O **martes 8 de xullo de 2025** publicárase no taboleiro do centro a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 horas do mesmo día 10 de xullo e remata ás 13:00 horas do xoves 10 de xullo

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES E LISTAXE DA ADXUDICACIÓN

O **martes 15 de xullo de 2025** publícanse ambas listaxes. No caso de resultar adxudicado/a, **aínda non está realizada a matrícula**, para iso débese proceder como indica o punto 2 seguinte

3.- PROCESO DE MATRICULACIÓN PRESENCIAL

PRAZO

Do martes 15 de xullo ás 9:00 horas ao venres 18 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Identificarse co DOI (DNI, NIE ou pasaporte)
2. Xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos) **a nome do alumno/a**. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
 - a) **Nº de conta bancaria:** ES39 2080 0234 4130 4000 3005
 - b) **Importe:** 1,12€
 - c) **Concepto:** Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matricula

MOI IMPORTANTE

SOAMENTE SE RECOLLERÁN SOLICITUDES DE MATRÍCULA CANDO SE APORTEN TODOS OS DOCUMENTOS INDICADOS